

Debemos elexir o tipo de cidade que desexamos.

Loitemos por

- ▶ conservar zonas de acceso público ó litoral, fronte á apropiación privada do mesmo.
- ▶ defender a pesca, o marisqueo e a acuicultura en equilibrio coa industria ben planificada.
- ▶ protexer o ecosistema especial e único que temos a sorte de disfrutar, cunha riqueza biolóxica de valor incalculable.
- ▶ esixir que se teña en conta a opinión dos homes e mulleres que vivimos nos concellos da ría posto que a ría é O NOSO PATRIMONIO E O NOSO FUTURO.



**Plataforma pola Defensa
da Ría de Vigo "CIES"**
www.pdrvigo.net
pdrvigo@pdrvigo.net

Participa na MANIFESTACIÓN EN DEFENSA DA RÍA DE VIGO

Sábado, 20 de Abril

Saída, ás 17:30 da Praza das Áncoras, ó lado do Recheo de Bouzas, Vigo. Discurrirá pola beiramar ata o edificio da Autoridade Portuaria.

Co obxectivo de que se teza en conta a opinión de todos os que vivimos en concellos da Ría de Vigo respecto ós novos proxectos de aterramentos que proxecta a autoridade portuaria.

Para defender o noso dereito a disfrutar da ría, pois nela vivimos e forma parte do noso patrimonio.

Para que teZan en conta que existen outras alternativas para o desenvolvemento portuario, compatibles coa pesca o marisqueo e co disfrute directo do noso litoral.

Porque queremos defender O NOSO PATRIMONIO e deixar ós nosos fillos e netos a posibilidade de disfrutar dunha paisaxe e dunha riqueza únicas.

Para defender O NOSO FUTURO.

EN DEFENSA DA RÍA DE VIGO

**O NOSO PATRIMONIO
O NOSO FUTURO**



"A destrucción da natureza procede da ignorancia, da codicia e da falta de respecto polas diferentes formas de vida".

Dalai Lama (1994)

Vigo medrou a costa da ría pero de costas a ela

A Ría de Vigo constitúe un espazo físico de características excepcionais. Precisamente por iso as súas características paisaxísticas, así como a flora e a fauna que nela viven son peculiares e moi sensibles ó deterioro ou perturbación das condicións que necesitan para vivir. Incluso o termo RÍA está aceptado universalmente para diferenciarse das bahías ou estuarios, o que é manifestación da súa singularidade.

No caso da ría de Vigo, o seu litoral ten experimentado un rápido crecemento poboacional e de actividade industrial pero este crecemento realizouse cunha ausencia total de planificación.

A actividade portuaria veuse expandindo por todo o litoral, alonxando á poboación do disfrute do mesmo, tanto directo, mediante actividades extractivas ou de recreo, como indirecto, a través de obstáculos ó disfrute visual e paisaxístico do mar. Actualmente o perfil do litoral é maioritariamente artificial, modelado por e para o ser humano.



¿Preferimos o cemento fronte á calidade de vida ... ou é que non nos deixan elixir?

Durante moitos anos realizáronse intervencións irreversibles sobre o litoral, construindo espigóns e realizando aterramentos sen control nen a máis mínima preocupación polos efectos sobre as actividades extractivas ou de cultivos mariños, ou o deterioro ambiental e paisaxístico da nosa ría.



Co tempo, reconeceuse que moitos dos aterramentos levados a cabo eran superfluos e innecesarios, e algúns foron declarados manifestamente ilegais e ambientalmente moi perxudiciais como o macro-recheo de Bouzas, que causou a desaparición dun dos mellores bancos marisqueiros da ría de Vigo. Como exemplo das consecuencias que se derivan das intervencións sen control temos a virtual desaparición, a medio prazo, da praia de Samil, que ven perdendo area claramente durante os últimos anos.

Actualmente hai máis dunha ducia de proxectos de aterramentos e espigóns, que implican recheo máis de un millón de metros cadrados de ría, ademais de outros continuos atentados sobre a mesma coma os vertidos impunes de substancias contaminantes.

A gota que colma o vaso é o recheo do Areal, no que a Autoridade Portuaria pretende recheo máis de 200.000 m² sen necesidade. Os argumentos son, en primeiro lugar, a necesidade de calado para grandes buques, para o cal falsifica cifras sobre o calado actual do Areal e non utiliza instalacións portuarias coma o peirao do Berbés, que chega a 20 metros de calado; e en segundo lugar, a necesidade de superficie para almacenamento, cando este tipo de xestión portuaria é obsoleta e se debe tender a non utilizar o porto como almacén de mercancías nin para instalar industrias que pouco teñen que ver coa actividade portuaria e poden estar instaladas en polígonos industriais.

Por tanto, lonxe de fuxir dos nosos erros do pasado parece que profundizamos neles aínda máis. En lugar de camiñar cara cidades sustentables, nas que prime a calidade de vida sen menoscabo do seu desenvolvemento económico, parecemos continuar cunha frenética actividade constructora sen razón nin planificación.

O cemento fronte á vida, porque esa vida parece lembrarnos que o ser humano hai moito tempo que decidiu xogar a Deus e non só alonxarse do seu ambiente natural senón intentar dominalo e sometelo, aínda a costa do noso propio benestar e das xeracións vindeiras.

